

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDIA**

**ASUNTO:** Requirimento documentación e aprobación bolsa técnica de medio ambiente

**EXPEDIENTE:** 2023/G003/000336

Considerando o disposto na Resolución da Alcaldía nº 1561/2022, de 29 de novembro, que aprobou as bases xerais e específicas e a convocatoria do proceso de estabilización dunha praza de técnica/o de medio ambiente, persoal laboral fixo, ao abeiro do previsto nas Disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro.

Tendo en conta a publicación das bases reguladoras do devandito proceso selectivo e a súa convocatoria no Boletín Oficial da Provincia número 230, de data 5 de decembro de 2022, así como os anuncios daquela no Diario Oficial de Galicia, número 236, de 14 de decembro de 2022, e no Boletín Oficial do Estado, número 301, de 16 de decembro de 2022.

Sendo de aplicación os artigos 9, 26 a 28, 44, 49 a 51, 54 a 59 e 63 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia; o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro; a Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística de Galicia; a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes; os artigos 21.1.g), 91, e 103 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o artigo 177 do Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril; o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado aprobado por 364/1995, de 10 de marzo (de carácter supletorio conforme o artigo 1.3) e as Disposicións Adicionais 6ª e 8ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público e o Convenio colectivo do Concello de Teo.

Examinada a documentación que a acompaña, vista a proposta do Tribunal cualificador

e o informe da técnica de Recursos Humanos de data 15 de marzo de 2023.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

**RESOLVO:**

**Primeiro.**- Aprobar a proposta do Tribunal respecto da contratación de Ana María Varela González, provista de DNI nº \*\*\*3781\*\*, como persoal laboral fixo, para ocupar a praza de técnica de medio ambiente, grupo B.

**Segundo.**- Notificar a presente Resolución á candidata proposta requiríndolle, para que no prazo de vinte (20) días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, presente a declaración responsable segundo o modelo facilitado polo Concello, de que segue reunindo todos e cada un dos requisitos esixidos, e acreditados, conforme ao previsto nas Bases terceira e cuarta das Bases reguladoras do devandito proceso selectivo, no momento de terse presentado a aquel, así como de non estar incurso en causa de incompatibilidade, de conformidade coas previsións normativas aplicables ao respecto, e isto sen prexuízo da responsabilidade na que, no seu caso, e por falsidade na dita declaración, puidese incorrer. Igualmente deberá presentar copia cotexada de toda a documentación que presentou xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo: titulación académica, Celga 4, DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da nacionalidade da persoa aspirante, así como a xustificativa dos méritos alegados para a fase de concurso.

**Terceiro.**- Aprobar a creación da bolsa de emprego de técnica de medio ambiente, persoal laboral fixo, da seguinte relación de aspirantes:

DATOS			
Nº	APELIDOS	NOME	DNI / NIE
1	LOBELLE VARELA	MARIÑA	***0297**
2	CARRIL DANZA	MÓNICA	***9739**

A inclusión na bolsa de emprego non implicará en ningún caso a adquisición da

condición de empregado/a público/a, constituíndo unicamente unha expectativa de dereito de ser chamado/a para ocupar o correspondente posto de traballo.

**Cuarto.**- Publicar a presente resolución na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello.

**Quinto.**- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que celebre.

Teo, asinado, polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

O alcalde,  
Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria xeral, que dou fe  
Virginia Fraga Díaz